



QUE É PARA TI A COSTA DA MORTE?

Marca Territorio:
**Concurso Costa da Morte,
Terra Atlántica 2020**

Fotografía // clips de vídeo en Instagram

Do 1 ao 31 de xullo



RESUMO DAS BASES DO CONCURSO

TEMÁTICA:

Capturar a identidade, valores emocionais ou características da Costa da Morte detallados na base do concurso.

FUNCIONAMENTO DO CONCURSO:

- Seguir a conta de Terra_Atlántica en Instagram desde un perfil público. Publicar unha foto ou clip de vídeo con título en Instagram incluíndo o hashtag #MarcaCostaDaMorte.
- Mencionar a conta @terra_atlantica
- Xeolocalizar a fotografía e/ou clips de vídeo.
- Mencionar a outras dúas persoas para que participen.

PARTICIPACIÓN:

Alumnado matriculado nos centros de educación primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos dos concellos do Grupo de Desenvolvemento Rural da Costa da Morte: Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbria, Fisterra, A Laracha, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muxía, Ponteceso, Vimianzo e Zas.

CATEGORÍAS E PREMIOS:

- **Premio do Xurado para o alumnado de primaria:**
Tablet, 10" á imaxe ou clip de vídeo designada polo xurado que mellor capte a identidade, valores emocionais ou características da Costa da Morte.
- **Premio do Xurado para o alumnado de secundaria, bacharelato e ciclos formativos:**
Smartphone 2,3 GHZ 4 GB RAM á imaxe ou clip de vídeo designada polo xurado que mellor capte a identidade, valores emocionais ou características da Costa da Morte.
- **Premio do público a través de votacións "likes" para o alumnado de primaria:**
Tablet, 10" á fotografía ou clip de vídeo que máis votacións das persoas participantes consiga dentro do prazo establecido, axustándose á temática do concurso.
- **Premio do público a través de votacións "likes" para o alumnado de secundaria, bacharelato e ciclos formativos:**
Smartphone 2,3 GHZ 4 GB RAM á fotografía ou clip de vídeo que máis votacións das persoas participantes consiga dentro do prazo establecido, axustándose á temática do concurso.



Máis información en:
www.terratlantica.gal | info@terratlantica.gal